



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día dous de febreiro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día dous de febreiro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Reboiro, que dá fe do Acto.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación das actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días quince e trinta de decembro de dous mil dez.

2º.- CONTA DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la certificación nº. 1 e última da obra de "acondicionamento do miradoiro natural da capela e o seu entorno en Vilachá" financiada pola Deputación Provincial de Lugo e por importe de vinte e oito mil cento setenta e catro euros con sesenta e nove céntimos (28.174,69€).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la certificación nº. 2 da obra de "mellora na rede de saneamento e de depuración de augas residuais urbanas" financiada polo PlanE e por importe de vinte e tres mil setecentos oitenta e tres euros con dezasete céntimos (23.783,17€).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a factura que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la factura OP09/10 do arquitecto Xosé Lois López Otero correspondente ao proxecto da obra “acondicionamento do miradoiro natural da capela e o seu entorno en Vila-chá” financiada pola Deputación Provincial de Lugo e por importe de mil cincocentos tres euros con noventa e un céntimos (1.503,91€).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a Lagar o Busto S.L. con N.I.F. B-27.406.370 representada por D. Pedro Yañez Britos con D.N.I. número 30.637.656-T para a rehabilitación dunha edificación para casa de labranza no lugar de O Busto, parroquia de Saa (referencia catastral 002000500PH31H0001QQ).*

2.- *Na execución das obras darase estrito cumprimento as condicións indicadas no informe do técnico municipal.*

3.- *Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de tres mil catrocentos setenta e oito euros con trece céntimos (3.478,13€).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a Busto Rural S.L. con N.I.F. B-27.393.230 representada por D. Pedro Yañez Britos con D.N.I. número 30.637.656-T para a rehabilitación catro edificacións para establecementos de turismo rural no lugar de O Busto, parroquia de Saa (referencias catastrais 27047A084004090001DO, 27047A084004100001DF, 27047A084004110001DM e 27047A084004120001DO).*

2.- *Na execución das obras darase estrito cumprimento as condicións indicadas no informe do técnico municipal.*

3.- *Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de dez mil trescentos noventa e oito euros con cincuenta e tres céntimos (10.398,53€).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transpor-*

<i>Titular</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>Nº. bastidor</i>	<i>Efectos</i>
<i>Luís López Cortiñas</i>	<i>34.248.693-Z</i>	<i>WOLOTGF69Y5078795</i>	<i>2011</i>

te, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- PUNTOS DE LUZ.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Autorizar ós veciños que se relacionan para a colocación dos puntos de luz que se indican nos lugares que para cada un se sinalan.

2.- Que, rematada-las instalacións, o Concello se fará cargo do consumo, conservación e mantemento delas.

Solicitante	Nº.	Lugar	Parroquia
Adriano Rego Macía	1	Labrada	Barxa de Lor

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

6º.- SOLICITUDES DE ACHEGAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta conxunta dos grupos de goberno:

Vistas as necesidades de traballadores do concello para o presente exercicio, propomos á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar o programa de servizos a incluír no programa de cooperación 2011 co detalle que figura a seguir:

Servizo	Nº.	Achega Xunta	Achega Concello	Orzamento total
Control e xestión de augas e residuos	1	24.661,92	397,71	25.059,63
Organización actividades eventos deportivos	1	23.758,20	397,71	24.155,91
Auxiliar administrativo servizos municipais	1	15.047,88	253,14	15.301,02
Brigada de servizos múltiples	7	117.467,16	1.923,72	119.390,88
Total	10	180.935,16	2.972,28	183.907,44

2.- Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ao abeiro da orde de 30 de decembro de 2010 (D.O.G. 10/2011 de 17 de xaneiro) unha achega por importe de cento oitenta mil novecentos trinta e cinco euros con dezaseis céntimos, aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na citada orde.

3.- Comprometerse a achegar a cantidade de dous mil novecentos setenta e dous euros con vinte e oito céntimos que lle corresponden financiar ao concello.

4.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

No centro da vila hai unha praza moi tradicional que no seu tempo, na época das políticas de desenvolvemento foi formigonada. Para a súa recuperación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar o anteproxecto da obra de "rehabilitación da praza da Condessa na Pobra do Brollón" cun orzamento de contrata de corenta e nove millóns, novecentos oitenta e nove mil euros con cincuenta e dous céntimos (49.989,52€).

2.- Solicitar da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ao abeiro da orde de 31 de decembro de 2010 (D.O.G. 8/2011 de 13 de xaneiro) unha achega por importe de trinta e nove mil novecentos noventa e un euros con sesenta e

dous céntimos, aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na citada orde.

3.- Comprometerse a chegar a cantidade de nove mil novecentos noventa e sete euros con noventa céntimos (9.997,90€) que lle corresponden financiar ao concello.

4.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vistas as necesidades de formación dos desempregados do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar as actividades formativas a desenvolver no concello en 2011.

2.- Solicitar da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ao abeiro da orde de 30 de decembro de 2010 (D.O.G. 4/2011 de 7 de xaneiro) o financiamento de ditas actividades, aceptando integramente as condicións establecidas na citada orde.

3.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e corenta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a once de febreiro de dous mil once.

v. e pr.

O Alcalde,